



NORMATIVA DE CAMBIO DE GRUPO NO GRAO EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA

Aprobada pola Xunta de Facultade 157 de 15/01/2019

1. Obxecto e ámbito de aplicación

O obxecto desta normativa é establecer os supostos que poden dar dereito a solicitar o cambio de grupo no Grao en Enxeñaría Informática.

2. Cambio de grupo

Poderá solicitar o cambio de grupo o alumnado que se encontre nalgún dos seguintes supostos:

1. Estar matriculado no Grao en Enxeñaría Informática en réxime de matrícula a tempo parcial.
2. O desenvolvemento de actividades laborais ou profesionais, por conta propia ou allea durante o curso académico, que abrangan un mínimo de 90 días naturais. Esta circunstancia deberá ser acreditada mediante a achega do correspondente contrato de traballo ou nomeamento administrativo, ou da documentación que acredite a condición de empresario ou de traballador autónomo, sendo necesario entregar en todos os casos a documentación xustificativa de estar dado de alta na Seguridade Social ou en réxime equiparable.
3. Estar afectado por unha discapacidade física, psíquica ou sensorial, nun grao igual ou superior ao 33 por cento. Deberá acreditarse mediante certificación emitida polo organismo competente para o recoñecemento desta discapacidade.
4. Padecer unha enfermidade, ou estar cun tratamento médico, que lle impida realizar estudos a tempo completo. Deberá acreditarse de forma fidedigna mediante o correspondente certificado médico.
5. Estar embarazada, ter concedida unha baixa por maternidade ou unha licenza ou permiso por maternidade ou por paternidade, preadopción, adopción ou acollemento dun fillo. Deberá acreditarse de forma fidedigna mediante un certificado médico ou mediante os xustificantes correspondentes.
6. Ter fillo/s menor/es de tres anos ao seu cargo, debendo acreditalo mediante a achega da documentación xustificativa desta situación.
7. Ter a consideración de coidador principal de persoas dependentes. Esta situación acreditarase mediante a presentación da documentación oficial que a xustifique e/ou a certificación expedida polo organismo competente acreditativa da súa circunstancia como coidador nunha situación de dependencia.
8. Ter a consideración de vítima de actos de terrorismo. Esta consideración xustificarse da forma que se indique na Normativa de Xestión Académica que a UDC aprobe para cada curso.



9. Ter a consideración de vítima de violencia de xénero. Esta consideración xustificárase da forma que se indique na Normativa de Xestión Académica que a UDC aprobe para cada curso.
10. Ser maior de 45 anos.
11. Acreditar ser membro electo e representante dos cidadáns nalgunha institución ou administración pública.
12. Acreditar ter dificultades económicas para continuar os seus estudos.
13. Acreditar estar matriculado a tempo completo e de xeito simultáneo noutros estudos universitarios ou superiores (conservatorios superiores, etc) externos á Universidade da Coruña.
14. Ter a consideración de deportista de alto nivel ou de deportista de alto rendemento; debendo acreditarlo mediante a achega da documentación que acredite esta condición.
15. Desempeñar labores de representación estudantil ou de cooperación e voluntariado. Esta circunstancia acreditarase a través da certificación da correspondente oficina da Universidade ou, no seu caso, daquela organización na que desenvolva o seu labor.
16. Estar incluído no ámbito de aplicación dun convenio suscrito con outras universidades que contemplen esta situación, para garantir a mobilidade dos estudantes.

A Comisión Docente do Grao poderá atender outras solicitudes de cambio de grupo, sempre que melloren a distribución dos grupos ou para facilitar a asistencia a clase ao alumnado matriculado en materias de distintos cursos.